



# CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**EXPEDIENTE 2024/E001/000002. Proceso selectivo dunha praza de persoal funcionario de administración xeral, Grupo C, Subgrupo C2, Subescala Auxiliar Administrativa, identificado na Relación de Postos de Traballo co número 01.01.00.04, con carácter definitivo a través do procedemento de oposición libre incluída na oferta de emprego público do ano 2021.**

## **ACTA Nº 3 DO TRIBUNAL DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C, SUBGRUPO C2, SUBESCALA AUXILIAR ADMINISTRATIVA DO CONCELLO DE TOURO.**

Constitúese o tribunal de selección, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 169/2024 de 13 de maio de 2024 para proceder á realización da terceira proba do proceso de selección dunha praza de persoal funcionario de administración xeral, Grupo C, Subgrupo C2, Subescala Auxiliar Administrativa, identificado na Relación de Postos de Traballo co número 01.01.00.04, con carácter definitivo a través do procedemento de oposición libre incluída na oferta de emprego público do ano 2021, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 11/2024 de 12 de xaneiro de 2024.

Lugar: Concello de Touro

Día: 20 de xuño de 2024

Hora de comezo: 16.30 horas

Hora de remate: 19.15 horas

Asistentes:

Mónica Vázquez Fandiño (Presidenta)

Alejandra Dolores Fandiño Sánchez (1ª vogal)

Julio González Casanova (2º vogal)

Antonio Lorenzo Morandeira (3º vogal)

José Ángel Balseiro Amido (Secretario)

Reúñese o Tribunal de selección co obxecto de realizar a **terceira proba obrigatoria e eliminatória**, que consistirá en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo "Windows" e o paquete ofimático "Office" a través de exercicios prácticos propostos polo tribunal a desenvolver cun ordenador durante un período máximo de unha hora. O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán eliminados aqueles aspirantes que non sexan cualificados de aptos. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a cualificación de aptos.

De seguido procédese o chamamento único das persoas aspirantes que superaron a segunda proba co seguinte resultado:

DÍXITO DE CONTROL	APELIDOS E NOME	OBSERVACIÓNS
110	Garabatos Rodríguez Tania	COMPARECE
101	González Furelos Laura	COMPARECE
103	González Lareu Isabel	COMPARECE
102	Ignacio Rial Rocío	COMPARECE
123	Martínez Cereijo Paula	COMPARECE
125	Vallés Rechou Ana Inmaculada	COMPARECE
122	Viaño Rey Alejandra	COMPARECE

A presidenta dá as instrucións necesarias para o desenvolvemento da proba co contido que se recolle no anexo á presente acta, que se realiza entre as 16.35 e as 17.35 horas. Unha vez rematada, cada unha das persoas aspirantes grava o seu exercicio nunha carpeta creada co seu nome nun pendrive.

Ningunha das aspirantes acepta o ofrecemento do Tribunal de facilitarlle unha impresión do seu exame selada, polo que ó remate desta sesión as probas quedan custodiadas polo secretario do concello de Touro no pendrive para a súa incorporación ó expediente.

De seguido, o Tribunal procede á corrección dos exercicios realizados, outorgando, por unanimidade, as seguintes calificacións.

DÍXITO DE CONTROL	APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
110	Garabatos Rodríguez Tania	Non apta
101	González Furelos Laura	Apta
103	González Lareu Isabel	Apta
102	Ignacio Rial Rocío	Apta
123	Martínez Cereijo Paula	Apta
125	Vallés Rechou Ana Inmaculada	Non apta
122	Viaño Rey Alejandra	Non apta

**Cuarta proba: Coñecemento de galego.** De carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles opositores que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión do certificado CELGA nivel 3 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 3 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014, ou estar en condicións de obtelos coma máximo á data de remate de presentación de instancias.

Segundo consta na Resolución de Alcaldía 169/2024 de 13 de maio de 2024 as aspirantes están en posesión do certificado CELGA nivel 3 ou superior.

**Cualificación final. A cualificación definitiva da oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.** De tal xeito, despois de rematar as probas, o tribunal propondrá o nomeamento da persoa aspirante que, na suma total das puntuacións asignadas na oposición obtivera a maior puntuación. No caso de empate terá preferencia aquel aspirante que teña obtido unha maior puntuación na segunda proba; en caso de persistir o empate aquel que tivera obtido un maior número de respostas correctas na primeira proba. Se pese a isto persistise o empate resolverase mediante sorteo público ante o tribunal.

Díxito de control	Apellidos e nome	Primeira proba	Segunda proba	Terceira proba	Cuarta proba	Puntuación total
123	Martínez Cereijo Paula	8,50	19,25	Apta	Apta	27,75
101	González Furelos Laura	7,10	14,75	Apta	Apta	21,85
103	González Lareu Isabel	7,00	14,25	Apta	Apta	21,25
102	Ignacio Rial Rocío	6,75	12,00	Apta	Apta	18,75

**Ao abeiro do referido anteriormente o tribunal por unanimidade propón o nomeamento de Paula Martínez Cereijo, como persoal funcionario de administración xeral, Grupo C, Subgrupo C2, Subescala Auxiliar Administrativa ao ser a aspirante que na suma total das puntuacións asignadas na oposición obtivo a maior puntuación.**

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase a sesión ás 19.15 horas do día indicado de todo o cal se dá fe, asinando os membros do Tribunal.

A presidenta  
Mónica Vázquez Fandiño

O secretario  
José Ángel Balseiro Amido

1ª vogal  
Alejandra Dolores Fandiño Sánchez

2º vogal  
Julio González Casanova

3º vogal  
Antonio Lorenzo Morandeira